

1.- Atlántico Diario, diario de Vigo, apareceu no ano:

- A) 1985
- B) 1986
- C) 1987

2.-A primeira emisión da Radio Galega, a radio pública de Galicia integrada na CRTVG, foi o día:

- A) 23 de febreiro de 1985
- B) 22 de febreiro de 1985
- C) 24 de febreiro de 1985

3.-A primeira emisión da Televisión de Galicia (TVG), coñecida como A Galega, foi o día:

- A) 24 de xullo de 1985
- B) 25 de xullo de 1985
- C) 26 de xullo de 1985

4.- O primeiro director da Radio Galega foi o xornalista:

- A) Xosé Luís Blanco Campaña
- B) Xerardo Rodríguez
- C) Luís Pérez

5.-O primeiro director xeral da CRTVG foi:

- A) Luís Losada
- B) Lois Caeiro (Luís Rodríguez García)
- C) Abilio Bernaldo de Quirós

6.-O primeiro diario galego en papel e escrito integramente en galego foi:

- A) A Nosa Terra
- B) O Correo Galego
- C) Galicia

7.-CECISA (Grupo Anaya) puxo en marcha, na segunda metade do século XX, o diario El Sol. Foi no ano:

- A) 1989
- B) 1990
- C) 1991

8.-O primeiro diario de Galicia que migrou á web e puxo en marcha unha edición dixital foi:

- A) La Voz de Galicia
- B) Faro de Vigo
- C) El Correo Gallego

9.-Vieiros, o barrio galego en Internet, apareceu no ano:

- A) 1993
- B) 1996
- C) 1999

10.-O medio nativo dixital xornalístico Galicia Confidencial naceu como un blog:

- A) No ano 1999
- B) No ano 2001
- C) No ano 2003

11.-O *content curator* -curador de contidos-, profesional do campo da comunicación, ocúpase preferentemente, entre outras funcións, de:

- A) Buscar información precisa e relevante
- B) Xestionar as relacións públicas
- C) Comercializar contidos

12.-O ano do nacemento de Facebook como rede social universitaria foi o:

- A) 2003
- B) 2004
- C) 2006

13.-O ano oficial do nacemento de LinkedIn foi o:

- A) 1998
- B) 2000
- C) 2002

14.-O ano oficial do nacemento de Instagram foi o:

- A) 2008
- B) 2010
- C) 2012

15.-No campo da comunicación considérase un artigo publicado en *The Speaker* titulado “Discurso e Relacións Humanas” como o “pai” da comunicación organizacional/corporativa. A súa autoría é de:

- A) Harold Lasswell
- B) W. Charles Redding
- C) Charles H. Cooley

16.-A misión fundamental de promover e de velar pola garantía do Sistema Universitario de Galicia (SUG), incidindo na súa mellora continua e transmitíndolle á sociedade información relevante sobre as actividades realizadas e os seus resultados, compételle á:

- A) Conferencia de Rectores de las Universidades Españolas (CRUE)
- B) Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)
- C) Asociación de Inspectores e Inspectoras de Educación de Galicia (AIEG)

17.-Cando falamos de xestión de contidos, Drupal é:

- A) Un sistema de xestión de contidos propiedade de Microsoft
- B) Un sistema de xestión de contidos propiedade de Apple
- C) Un sistema de xestión de contidos baseado en código aberto

18.-O organismo estatal denominado “Medios de Comunicación del Estado”, herdeiro da Cadena de Prensa del Movimiento, foi liquidado definitivamente no ano:

- A) 1978
- B) 1980
- C) 1984

19.-A Axencia EFE tivo, na segunda década dos noventa do século XX, un presidente galego -un profesional do xornalismo nacido en Galicia-. O seu nome é:

- A) Fernando Ónega López
- B) José Manuel Rivas Troitiño
- C) Alfonso Sobrado Palomares

20.-Juan Luís Cebrián deixou a dirección do diario El País no ano:

- A) 1980
- B) 1986
- C) 1988

21.-Juan Ramón Díaz García dirixiu La Voz de Galicia entre o ano 1977 e o ano:

- A) 1990
- B) 1995
- C) 1997

22.-O Grupo Vocento, que xurdiu da fusión do Grupo Correo e Prensa Española, naceu no ano:

- A) 1999
- B) 2000
- C) 2002

23.-Diario de Galicia, editado en Vigo por Publicaciones de Galicia S.A., publicou o seu primeiro número en marzo de 1988 baixo a dirección de:

- A) Manuel Rivas Barros
- B) Fernando Ramos Fernández
- C) José Antonio Gaciño Barral

24.-Carlos González Reigosa, xornalista e escritor galego, foi director de información da Axencia EFE entre o ano 1990 e o ano:

- A) 1995
- B) 1996
- C) 1997

25.-O diario Faro de Vigo ten, en outubro de 2024, como director ao xornalista:

- A) Rogelio Garrido García
- B) Eduardo Rolland Etchevers
- C) Julio Rodríguez González

26.-A Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología (FECYT), que é unha fundación pública dependente do Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades, ten como obxectivo estratéxico 1:

- A) Implantar unha cultura corporativa no campo educativo ibérico
- B) Impulsar unha comunicación científica eficaz, ética e profesional con públicos diversos para fortalecer o diálogo e o compromiso mutuo entre a ciencia e a sociedade
- C) Promover o asesoramento científico só ás universidades de Madrid

27.-A reputación en xeral e a reputación online en particular require de tres condicións para producirse e as tres teñen que darse nunha boa dose se a empresa pretende converter a súa reputación corporativa en valor. Estas tres condicións (Justo Villafañe, *La buena reputación*, Pirámide, 2004) son:

- A) Unha sólida dimensión axiolóxica; un comportamento corporativo comprometido; plan para os *stakeholders*
- B) Unha sólida dimensión axiolóxica; un comportamento corporativo discreto; proactividade na xestión reputacional
- C) Unha sólida dimensión axiolóxica; un comportamento corporativo comprometido; proactividade na xestión reputacional

28.-A Lei Orgánica 2/2023, do Sistema Universitario, no seu artigo 6, no apartado 1, sobre a función docente di que:

- A) A función docente exercea o profesorado universitario
- B) A función docente exercea o profesorado e persoal asimilado
- C) A función docente exercea o profesorado e o persoal técnico, de xestión e de administración e servizos

29.-O Sistema Universitario de Galicia está integrado, segundo o artigo 3 da Lei 6/2013, do Sistema Universitario de Galicia, polas universidades de:

- A) A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo
- B) A Coruña, Santiago de Compostela, Vigo e, no seu caso, aquelas que sexan creadas ou recoñecidas por lei do Parlamento de Galicia
- C) A Coruña, Santiago de Compostela, Vigo e Internacional de Galicia

30.-O III Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da Universidade de Santiago de Compostela comprende as seguintes áreas de actuación:

- A) Cultura institucional; Docencia, investigación e transferencia; Presencia, promoción e representación; Conciliación corresponsable; Acoso e violencia de xénero; Condicións sociosanitarias no traballo
- B) Cultura institucional; Docencia, investigación e transferencia; Presencia, promoción e representación; Conciliación corresponsable; Acoso e violencia de xénero
- C) Cultura institucional; Docencia, investigación e transferencia; Conciliación corresponsable; Acoso e violencia de xénero

31.-A era dixital impulsou o nacemento de numerosas canles de comunicación e múltiples *stakeholders* entre os que se xeran numerosas interaccións, feito que favoreceu a externalización de servizos (*outsourcing*) no campo da comunicación (Robert White, Barry Jeames, *Manual del Outsourcing*, Ediciones Gestión, 2003):

- A) Para dispoñer da mellor estratexia e lograr os mellores resultados posibles
- B) Para favorecer a participación cidadá
- C) Para impulsar unha comunicación interna solidaria

32.-¿Quen é o actual director do xornal La Voz de Galicia?

- A) Lois Blanco Penas
- B) Xosé Luís Vilela Conde
- C) Está vacante o posto tras o falecemento de Santiago Rey Fernández-Latorre

33.-En que formato deben ser entregados os vídeos para a súa publicación na canle USC TV?

- A) MPG4
- B) H264
- C) MOV

34.-Cal é o máximo de tempo que pode durar un vídeo subido directamente a unha publicación da rede social X?

- A) 2 minutos
- B) 2 minutos 20 segundos
- C) 2 minutos 30 segundos

35.-Que é Threads?

- A) Unha rede social, lanzada en 2023, coa que Google intenta penetrar neste mercado
- B) Unha aplicación de conversa, vinculada a Instagram, coa que Meta Platforms pretende competir con X
- C) Unha rede social creada por un conglomerado europeo de empresas para competir coa plataforma especializada en vídeos cortos TikTok

36.-Que programa permite a selección, revelado dixital, edición e retoque de imaxes de forma integral?

- A) Adobe Photoshop
- B) Adobe Ligthroom
- C) Adobe Camera Raw

37.-Cantas leis orgánicas regularon o Sistema Universitario Español desde o inicio da democracia?

- A) Tres
- B) Catro
- C) Cinco

38.-Cal das seguintes accións está dentro do obxectivo específico 2: Mellorar a imaxe e a comunicación institucional con perspectiva de xénero, incluído no III Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da USC?

- A) Elaboración e difusión dunha guía de estilo e linguaxe visual inclusiva. Difusión da guía de linguaxe non sexista da USC
- B) Inclusión nos temarios das convocatorias de acceso á USC de contidos sobre igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e sobre xénero
- C) Creación dun espazo web de recursos e boas prácticas na inclusión da perspectiva de xénero na docencia

39.-Segundo se explica no Manual de Imaxe Corporativa e Identidade Visual da USC, as letras do logotipo SC teñen un dobre significado, ademais de Santiago de Compostela:

- A) Sociedade e Ciencia
- B) Saber e Coñecer
- C) Sociedade do Coñecemento

40.-En que tipografía está deseñado o logotipo da USC?

- A) Utopia
- B) Lucida
- C) Trebuchet

41.-O uso de miniaturas na páxina web da USC resérvase para:

- A) Cando é preciso poñer máis de tres imaxes nunha publicación
- B) Cando necesitamos incorporar unha hiperligazón a outra publicación
- C) Cando a imaxe ten un peso maior de 25 Kb

42.-Segundo se recolle no seu Protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero, a USC elaborará un plan de comunicación específico para dar a coñecer o seu contido entre toda a comunidade educativa que inclúe a súa publicación:

- A) Na páxina web de cada un dos servizos, centros e facultades que a integran
- B) No taboleiro de anuncios das Unidades de Xestión Académica
- C) Na secretaría virtual á que accede o estudiantado

43.-A USC vai contratar un *banner* publicitario en diversos medios de comunicación dixitais. Os requirimentos de tamaños e de formatos son distintos pero a resolución na que se debe enviar é:

- A) 300 x 300 píxeles
- B) 72 ppp
- C) 300 ppp

44.-Dentro das técnicas SEO (*Search Engine Optimization*) onpage podemos encadrar:

- A) O uso de palabras clave ou *keywords* no sitio web pero tamén nos títulos, descrições, no pé de páxina e no corpo das novas e publicacións
- B) O uso dunha URL amigable, é dicir, sinxela de lembrar e que non conteña símbolos, números ou barras innecesarias.
- C) O contacto con webs semellantes mediante o que se denomina *link building* para que os buscadores consideren a páxina web fiable.

45.-Ao gravar en vídeo cunha cámara profesional ou semiprofesional, para controlar a exposición e evitar sobreexpoñer a imaxe, úsase:

- A) As barras de cor
- B) O sinal zebra
- C) O balance de brancos

46.-Dentro da revolución que vén de sufrir a produción audiovisual, a USC optou nos últimos anos por empregar na súa comunicación institucional:

- A) Social vídeos
- B) Notificacións *push* enriquecidas
- C) *Videostreaming* a través de Twitch

47.-Cal das seguintes iniciativas da USC está orientada á divulgación da oferta formativa da institución entre o estudiantado do ensino medio?

- A) Alumni
- B) A Ponte
- C) BenVidaUSC

48.-Que significa en márketing dixital o termo CMS?

- A) *Community Manager Senior*
- B) *Communication Marketing Strategy*
- C) *Content Management System*

49.-Entre as métricas relacionadas coa reputación dunha marca nas redes sociais, ademais do número de seguidores, está:

- A) A taxa de interacción dos seguidores coa marca (*engagement rate*)
- B) O número de veces que as persoas usuarias buscan o nome da marca nun buscador
- C) O número de publicacións realizadas, que debe ser superior a unha diaria

50.-Entre os aspectos que debe conter un *briefing* publicitario obrigatoriamente están:

- A) Mensaxe, deseño e segmentación do público
- B) Obxectivo, *target* e medios a empregar
- C) Imaxe de marca, lema da campaña e orzamento

51.-Actualmente a cobertura de moitos actos e roldas de prensa realízase a distancia mediante a emisión do sinal de vídeo e de audio ás centrais dos medios. Que método se usa para o envío e recepción do mesmo?

- A) Conexión de fibra óptica
- B) Tecnoloxía 5G
- C) Protocolos de *streaming*

52.-Na estrutura da web da USC, onde se atopa a información das Cátedras institucionais?

- A) Menú principal de eixes: USC -> Mecenado -> Cátedras institucionais
- B) Menú principal de eixes: USC -> Cátedras
- C) Menú principal de eixes: Investigación ->Transferencia e emprendemento -> Cátedras institucionais

53.-No portal de "Transparencia na USC", cales son os dous tipos de transparencia que aparecen especificados:

- A) Transparencia económica e Transparencia académica
- B) Transparencia institucional e Transparencia económica
- C) Transparencia organizativa e Transparencia orzamentaria

54.-Onde se pode atopar o Museo Virtual da USC dentro da súa páxina web?

- A) No perfil do PDI
- B) Menú principal de eixes: USC Vida -> Museos e patrimonio
- C) Menú principal de eixes: USC -> Historia e patrimonio

55.-Cales son os apartados do menú dos sitios web dos Departamentos?

- A) Organización (Equipo de dirección, Persoal, Arquivo), Áreas de coñecemento, Investigación, Docencia
- B) Información administrativa, Información da docencia, Información de investigación
- C) O departamento (Dirección, Áreas de Coñecemento, Directorio, Documentación), Docencia, Investigación

56.-Onde se atopa, na estrutura da web da USC, o Museo Galego de Psicoloxía?

- A) Centros -> Facultade de Psicoloxía -> O centro -> Museo Galego de Psicoloxía
- B) Menú principal de eixes: USC Vida -> Museos e patrimonio -> Museo Galego de Psicoloxía
- C) Menú principal de eixes: USC -> Institucional -> Museo Galego de Psicoloxía

57.- Dentro da web da USC, nas "Unidades administrativas" a "Área ATIC" está na relación de:

- A) Servizos á comunidade universitaria
- B) Servizos centrais
- C) Apoio á docencia e á investigación

58.-Os filtros para os elementos de Axenda na web da USC son:

- A) Cultura, Deporte, Congresos, Conferencias, Actos institucionais
- B) Cultura, Deporte, Igualdade, Voluntariado, Mobilidade, Docencia, Investigación
- C) Cursos, Deporte, Divulgación, Seminarios, Congresos, Cultura, Conferencias, Actos institucionais, Teses

59.-En "Internacional", na web da USC, os elementos principais do menú horizontal son:

- A) Mobilidade, Desenvolvemento, Estudantes estranxeiros, Estudantes saíntes, PAS, PDI
- B) Programas de mobilidade, Captación internacional, Convenios, Novas, Eventos
- C) Mobilidade, Atracción, Proxección, Cooperación, Convenios internacionais, Novas

60.-As competencias en materia de comunicación na Universidade de Santiago de Compostela dependen:

- A) Da Vicerreitoría de Comunicación
- B) Dunha xefatura de área
- C) Do xefe do Gabinete do Reitor

61.-As competencias en materia de imaxe institucional na Universidade de Santiago de Compostela dependen:

- A) Do xefe do Gabinete do Reitor
- B) Da Vicerreitoría de Cultura
- C) Da Secretaría Xeral

62.-As funcións do gabinete de comunicación institucional abranguen as seguintes áreas:

- A) Comunicación interna, comunicación externa e comunicación institucional
- B) Xestión da páxina web institucional, comunicación externa e imaxe institucional
- C) Comunicación externa, comunicación interna, centraliña telefónica e Oficina de Información

63.-A divulgación da investigación na USC é competencia:

- A) Do Gabinete de Comunicación
- B) Da Vicerreitoría de Política Científica
- C) Da Vicerreitoría de Política Científica en coordinación co Gabinete do Reitor

64.-Os servizos, unidades e oficinas que exercen os labores de comunicación, tanto internos como externos, da Universidade de Santiago de Compostela son:

- A) O Gabinete de Comunicación
- B) O Gabinete do Reitor en coordinación coas vicerreitorías
- C) O Gabinete de Comunicación, o Servizo de Medios Audiovisuais, a Oficina Web e a Oficina de Información Universitaria baixo a coordinación do xefe de Gabinete do Reitor

65.-Son funcións propias da Oficina Web da Universidade de Santiago de Compostela:

- A) Dinamizar e coordinar a información e a comunicación da USC a través da súa web institucional e ocuparse do mantemento, elaboración e actualización da información académica e administrativa
- B) Prestar apoio á xestión de contidos dos diferentes centros, departamentos e unidades de xestión da USC
- C) A combinación de A e B

66.-Quen se ocupa do arquivo e custodia dos fondos audiovisuais da USC, así como da súa publicación e posta en valor?

- A) O Gabinete de Comunicación
- B) O Servizo de Medios Audiovisuais (SERVIMAV)
- C) A Área ATIC

67.-Cando autorizou a Comisión Nacional de la Competencia (CNC) a fusión entre Antena 3 e La Sexta?

- A) 2015
- B) 2008
- C) 2012

68.-Cando iniciou as súas actividades a Corporación RTVE, o que implica a disolución do Ente Público RTVE?

- A) 2000
- B) 2007
- C) 1992

69.-Cal foi a principal contribución de Tim Berners-Lee co desenvolvemento da *World Wide Web* en 1989?

- A) O desenvolvemento dun sistema para compartir información de xeito accesible a través de hiperligazóns
- B) A invención do correo electrónico como medio de comunicación global
- C) A creación do primeiro motor de busca en Internet

70.-Cal foi unha das principais aportacións de Alvin Toffler no seu libro *The Third Wave* (A terceira ola)?

- A) Falou por primeira vez das xeracións de públicos
- B) Acuñou o termo *Prosumidor*
- C) Negou a posibilidade de aplicar a intelixencia artificial na comunicación

71.-O Estudio General de Medios (EGM) elaborado pola Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación (AIMC) naceu en:

- A) 1992
- B) 1978
- C) 1968

72.- O tamaño da mostraxe do EGM multimedia anual de AIMC, un dos estudos de referencia sobre audiencias en España, é de:

- A) 50.000 individuos
- B) 30.000 individuos
- C) 20.000 individuos

73.-A entrega de resultados do EGM realízase:

- A) Nunha única entrega anual (no mes de xaneiro de cada ano)
- B) En dúas entregas (en maio e novembro de cada ano)
- C) En tres entregas (en abril, xullo e decembro de cada ano)

74.-Que significa o indicador “constelacións” na medición de televisión?

- A) Modo de ver a televisión en función do territorio
- B) Modo de ver a televisión en función das franxas horarias
- C) Modo de ver a televisión só, en dual, parella ou grupo

75.-Cal foi a idade media dos espectadores de televisión en España en 2023?

- A) 57 anos
- B) 60 anos
- C) 48 anos

76.-Que mide o concepto de *power-ratio* na análise de audiencia de televisión?

- A) A relación entre a cota de pantalla de audiencia e a cota de pantalla de publicidade
- B) A cantidade total de tempo que os espectadores pasan vendo unha canle específica
- C) A frecuencia coa que se emiten anuncios durante un programa de televisión

77.-Que mide o concepto de "diferido" na análise de audiencia en televisión?

- A) A audiencia xerada durante a emisión en liña do programa
- B) A audiencia xerada ao longo dos sete días seguintes á emisión en liña
- C) O número de visitas en tempo real durante a emisión do programa

78.-Quen xestiona o Portal da Investigación da USC, como referente da comunicación e divulgación da ciencia nesta Universidade?

- A) A Biblioteca Universitaria e a Área de Promoción e Estratexia Científica
- B) A Biblioteca Universitaria
- C) A Oficina de Investigación e Tecnoloxía (OIT)

79.-A Comisión de Seguimiento de la Medición de Audiencias Digitales en España ratificou como medidor oficial en 2024 a:

- A) GfK DAM
- B) Comscore
- C) Kantar

80.-O Selo de Audiencia Medida por GfK DAM acredita que:

- A) Todas aquelas empresas que o posúen lideran o consumo dixital de prensa en España
- B) Todas aquelas empresas que o posúen contan coa medición do consumo dixital oficial en España
- C) Todas aquelas empresas que o posúen contan coa medición dos soportes tradicionais de difusión en España

81.-Cales son as unidades básicas de medición, segundo o Libro Blanco IAB-AIMC de Medición de Audiencias Digitales?

- A) Conexión, Tempo de Consumo, Individuos Diarios e Alcance
- B) Comentarios, Alcance, Audiencia Media e Likes
- C) Cobertura, Tempo de consumo, Audiencia Media e Frecuencia

82.-No contexto da medición dixital, considéranse “dispositivos únicos”:

- A) Número de individuos diferentes que acceden a un sitio web. Mide as persoas
- B) Numero de dispositivos e de individuos diferentes que acceden a un sitio web a través do mesmo dispositivo. Mide os dispositivos conectados e identifica as persoas que se conectan
- C) Número de dispositivos diferentes que visitan un sitio web. Non mide o covisionado

83.- Que documento recolle a seguinte definición sobre o perfil de redactor/a de información xornalística en calquera tipo de soporte?

“Profesional do xornalismo en calquera soporte mediático tradicional ou electrónico que desenvolve a súa actividade mediante os xéneros creando contidos xornalísticos. Comprende as tarefas de redactor, reporteiro, presentador e director dun ou de varios deles, incluído o deseño, escrita e execución de guións de reportaxes e documentais audiovisuais ou multimedia”

- A) O Informe Mundial da Profesión Xornalística e dos Comunicadores
- B) O Libro Blanco de los Títulos de Grado en Comunicación de ANECA
- C) O Estatuto dos Traballadores

84.-No contexto da produción de contidos multimedia, que ferramenta permite crear un mapa interactivo?

- A) MyEdit
- B) Storymap JS
- C) TwistedWave

85.- Cal das seguintes opcións non forma parte das clásicas fases do proceso de produción audiovisual?

- A) Planificación (pre-produción)
- B) Execución (produción)
- C) Divulgación (márketing)

86.-Que rede social lidera o seguimento dos *influencers* en España, segundo o Estudio de Redes Sociales 2024 de Interactive Advertising Bureau (IAB)?

- A) Instagram
- B) TikTok
- C) YouTube

87.-Cal é o tamaño recomendado por Meta para as Instagram *Stories*?

- A) 1920 x 1080 píxeles
- B) 1080 x 1920 píxeles
- C) 1440 x 2560 píxeles

88.-Que permite facer a función “*remix*” nun *Reel* en Instagram?

- A) Gravar un vídeo propio xunto ao de outra persoa, o que permite expresar un punto de vista, colaborar con outros membros da comunidade ou crear algo novo
- B) Engadir efectos especiais a un vídeo sen modificar o contido orixinal
- C) Compartir automaticamente o *reel* doutra persoa no teu perfil sen cambios

89.-Canto tempo, de media, dedica a audiencia en España ao uso diario das redes sociais, segundo o Estudio de Redes Sociales 2024 de IAB?

- A) 2 horas e 30 minutos
- B) 3 horas e 18 minutos
- C) 1 hora e 8 minutos

90.-Cal dos seguintes instrumentos se emprega para medir o impacto nas redes sociais?

- A) Fanpage Karma
- B) Vix
- C) iQIYI

91.-Que ferramenta de Google encaixa nas aplicacións de análise de datos e permite coñecer as tendencias dos temas máis comentados pola audiencia?

- A) Google Discover
- B) Google Trips
- C) Google Trends

92.-Como define Google a súa ferramenta Google Trends?

- A) Google Trends é unha ferramenta que presenta a frecuencia de busca dun termo en varias rexións do mundo e en varios idiomas, nun pasado recente
- B) Google Trends é unha ferramenta que identifica as páxinas web máis relevantes do mundo en tempo real
- C) Google Trends é unha ferramenta que indica a frecuencia de accesos a unha web mostrando datos a nivel global

93.-Que é a estratexia *omnichannel* (omnicanle)?

- A) É unha estratexia inmersiva que pon o produto e non o cliente no centro, xerando experiencias ilimitadas para elevar as compras a través de diferentes canles e dispositivos
- B) É unha estratexia inmersiva que pon o cliente e non o produto no centro, xerando experiencias personalizadas e consistentes a través das diferentes canles e dispositivos
- C) É unha estratexia inmersiva que pon a reputación da empresa no centro xerando unha imaxe de marca que chega ao usuario a través de diferentes canles e dispositivos

94.-Cando se creou o Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións de xestión universitaria (CIXUG), no Sistema Universitario de Galicia (SUG)?

- A) 2006
- B) 2000
- C) 2010

95.-Cando entrou en vigor a coñecida como LOSU?

- A) 28/04/2022
- B) 12/04/2023
- C) 18/09/2023

96.-En que ano se creou o Sistema Universitario de Galicia?

- A) 1989
- B) 1978
- C) 1992

97.-De que ano é a Lei do Sistema Universitario de Galicia que está en vigor na actualidade?

- A) 2022
- B) 2013
- C) 2008

98.-Cando se aprobou o I Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da USC?

- A) Aprobouse no Consello de Goberno do 25 de marzo de 2009
- B) Aprobouse no Consello de Goberno do 8 de marzo de 2019
- C) Aprobouse no Consello de Goberno do 26 de marzo de 2012

99.-O principio de afinidade burocrática de Fishman:

- A) Establece que as organizacións non teñen ningunha relevancia no proceso de produción informativa
- B) Aborda cal é a relación que existe entre os medios de comunicación (as entidades noticiosas) e as organizacións que desexan ter presenza neles grazas á *publicity*
- C) Reflicte que a relación entre as organizacións que desexan aparecer nos medios de comunicación e os medios de comunicación é perfectamente simétrica e entre iguais

100.-De acordo coa teoría de Manuel Castells, o modelo de auto-comunicación de masas caracterízase por:

- A) A unidireccionalidade das mensaxes
- B) A interactividade como norma para que os suxeitos poidan construír as súas propias redes de comunicación
- C) Darse en tempos programados e sen tempo reflexivo

101.-Á hora de construír o posicionamento dunha marca, cando acoutamos dun xeito excesivo o noso propio posicionamento e, deste xeito, limitamos a extensión da nosa marca a outras categorías estamos diante dun exemplo de:

- A) Posicionamento dubidoso
- B) Subposicionamento
- C) Sobreposicionamento

102.-O III Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da USC:

- A) Vén de entrar en vigor e estará vixente ata o 2027
- B) Comprende catro áreas de actuación: Cultura Institucional; Docencia, investigación e transferencia; Presenza, promoción e representación; e Conciliación corresponsable
- C) Reflicte que unidades serán responsables da execución das 85 accións previstas

103.-A teoría que describe que as estruturas sociais perderon solidez para se volveren líquidas (é dicir, máis flexibles, cambiantes e fragmentadas) nun fenómeno acentuado pola tecnoloxía dixital foi desenvolvida por:

- A) Sherry Turkle
- B) Luciano Floridi
- C) Zygmunt Bauman

104.-O conxunto de accións levadas a cabo co obxectivo de xerar enlaces externos á nosa páxina para conseguir un mellor posicionamento na rede chámase:

- A) *Link building*
- B) *Lead-magnet*
- C) *CTA-caption*

105.-As estratexias de contido UGC correspóndense con:

- A) Contido promovido por medios de comunicación no que aluden a unha determinada marca
- B) Contido creado e compartido por persoas que non están oficialmente asociadas coa marca
- C) Contido creado e compartido polas marcas de xeito patente

106.-Unha acción publicitaria na rede na que o anunciante paga pola obtención de contactos aos que logo se pode impactar mediante correo electrónico coñécese coas siglas de:

- A) CPA
- B) CPC
- C) CPL

107.-A ferramenta Hootsuite, unha das máis frecuentes para o traballo nas redes sociais, permite:

- A) Publicar e programar contidos
- B) Facer escoita social
- C) As dúas anteriores son correctas

108.-A norma ISO 26000 sobre Responsabilidade Social Corporativa (RSC) estrutúrase en sete materias fundamentais: gobernanza da organización, participación activa e desenvolvemento da comunidade, asuntos de consumidores, prácticas xustas de operación, medio ambiente, prácticas laborais e:

- A) Solidariedade
- B) Dereitos humanos
- C) Sustentabilidade

109.-Segundo o código ético de Dircom, os profesionais da dirección da comunicación que pertencen a esta asociación:

- A) Na súa relación coas Administracións públicas, con carácter xeral, non poderán ofrecer, conceder, solicitar ou aceptar, directamente ou indirectamente, agasallos ou dádivas, favores, convites, vantaxes ou compensacións nas súas relacións coas Administracións públicas, coa excepción daqueles que sexan de valor económico irrelevante, razoables e respondan a signos de cortesía éticos e responsables
- B) Na súa relación coa sociedade deben poñer todo da súa parte para que prevaleza a información veraz e a transparencia na procura dunha sociedade mellor informada e capacitada para a toma de decisións
- C) Ambas as dúas son correctas

110.- Publicidade nativa (*Native Advertising*) é:

- A) Unha técnica publicitaria
- B) Unha publicidade só para nativos dixitais
- C) Unha publicidade que só emprega xéneros dialogais en rede

111.-A grafía '@' e outras como o asterisco (*) ou o 'x' utilízanse con certa frecuencia para neutralizar a linguaxe sexista, en maior medida, canto máis persoal e informal é o texto. Segundo o documento do Servizo de Normalización Lingüística e a Oficina de Igualdade de Xénero titulado 'Criterios de linguaxe non sexista', cal destas afirmacións é correcta?

- A) Nos documentos institucionais non se contempla esta solución
- B) Resulta indiferente, sempre que se respecte a debida identidade en cuestións de xénero e identidade sexual das persoas referidas especificamente na redacción en cuestión
- C) Tanto a @, como o asterisco (*) ou o 'x' son alternativas utilizables con independencia de que sexan documentos formais ou informais

112.-Cal das seguintes afirmacións é verdadeira, segundo o recollido no documento do Servizo de Normalización Lingüística e a Oficina de Igualdade de Xénero titulado ‘Criterios de linguaxe non sexista’?

- A) Os substantivos abstractos, xenéricos ou metonímicos son especialmente aproveitables para a cartelaría, pola súa adaptabilidade a distintas realidades
- B) Os substantivos abstractos, xenéricos ou metonímicos non son especialmente aproveitables para a cartelaría, pola súa adaptabilidade a distintas realidades
- C) Ningunha das anteriores é correcta

113.-Segundo o Plan de Accións de Normalización Lingüística 2024-2026 aprobado polo Claustro Universitario en 2024, o deseño dunha campaña de difusión e formación sobre o Regulamento de usos lingüísticos entre os diferentes servizos e unidades universitarias, extensible a toda a comunidade, corresponde ao:

- A) Gabinete de Comunicación da USC
- B) Centro de Formación e Servizo de Normalización Lingüística da USC
- C) Gabinete de Comunicación e Centro de Formación da USC

114.-Tomando como referencia o Regulamento de usos lingüísticos da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno de 28/10/2022, cal das seguintes afirmacións é correcta?

- A) A denominación da USC, Universidade de Santiago de Compostela, amosarase sempre en galego, sen prexuízo de que por mor da normativa de aplicación ou do interese xeral se poidan empregar outras linguas
- B) A denominación da USC, Universidade de Santiago de Compostela, amosarase en galego e castelán, sen prexuízo de que por mor da normativa de aplicación ou do interese xeral se poidan empregar outras linguas
- C) A denominación da USC, Universidade de Santiago de Compostela, amosarase no idioma que proceda en función das circunstancias concretas do seu uso

115.-No relativo á elaboración de publicacións e publicidade, cal das seguintes respostas é correcta, tomando como referencia o Regulamento de usos lingüísticos da USC?

- A) Con carácter xeral, as publicacións e a publicidade que realice a USC, tanto internamente como en medios de difusión externos, con independencia do formato e o soporte, faranse en galego, agás as destinadas especificamente á promoción fóra de Galicia, que se farán na lingua ou linguas máis axeitadas
- B) A información e todo tipo de elementos publicitarios e visuais sobre titulacións, títulos propios, cursos, congresos, simposios, conferencias, xornadas, e outras actividades de natureza análoga, sexa cal for o formato e o soporte, terá como mínimo unha versión en galego
- C) As dúas respostas anteriores son correctas

116.-Cal dos seguintes identificadores de usuario das principais redes sociais nas que ten presenza a Universidade de Santiago de Compostela son correctos?

- A) @UniversidadeUSC e @universidade_usc
- B) @USC e @USC_L
- C) @UnivSC e @UnivSL

117.-Cal dos seguintes se corresponde con cancelos utilizados pola conta da USC en Instagram para difundir actividades propias ou en colaboración con outras entidades?

- A) #Superheroínas
- B) #CorresponsablesUSC
- C) Ambas son correctas

118.-Cal das seguintes afirmacións sería correcta en relación aos contidos dispoñibles en redes sociais xestionadas de forma centralizada na USC?

- A) Entre os contidos habituais das redes sociais xestionadas pola USC nunca se inclúe no relato dalgunha delas vídeos ou imaxes de bancos gráficos alleos á USC
- B) Os vídeos publicaranse unicamente en formato de *story* en Instagram, xa que a USC non conta cunha canle específica en Youtube
- C) En Instagram adoitan incorporarse imaxes de elaboración propia da USC en relación aos contidos difundidos xunto cun pé explicativo da imaxe mostrada, mentres que en X, como norma xeral, combínase un texto informativo explicativo a modo introdutorio xunto cunha imaxe e unha ligazón que amplíe a explicación inicial

119.- Cal das seguintes afirmacións é correcta en relación á cabeceira do perfil da USC en X?:

- A) Na imaxe identificativa do perfil inclúese o logo da USC e na imaxe destacada de portada unha foto sobre actividades, temas ou momentos significativos da actividade universitaria
- B) Na imaxe identificativa do perfil inclúese o *sigilum* da USC e na imaxe destacada de portada unha vista xeral dun dos campus
- C) Na imaxe identificativa do perfil inclúese o logo da USC (incluíndo o *sigilum*) e na imaxe destacada de portada unha vista xeral dun dos campus

120.-O premio ‘Luís Porteiro Garea’ distingue a iniciativa, o traballo ou a traxectoria daquelas persoas, entidades ou colectivos da USC (estudiantado, persoal de administración e servizos, persoal docente e investigador), que contribuíran á normalización da lingua galega na propia USC. Cales das seguintes relacións de persoas teñen sido recoñecidas co premio?

- A) Ricardo Antelo, José Ramón Gómez e Antonia Costa
- B) Roberto Rigueiro, Salomé Barbado e Mariló Cabo
- C) Manuel Bermejo Patiño, Xosé Antón Gómez Segade e Marilar Jiménez Aleixandre

PREGUNTAS DE RESERVA

121.- A rede social na que a USC ten máis número de seguidores a día de hoxe é:

- A) Facebook
- B) Twitter
- C) LinkedIn

122.- Dispoñemos dunha cámara réflex Nikon D5600 cun obxectivo 18-140 mm. Para realizar un retrato de primeiro plano ao reitor para a súa publicación nun libro, cal é a distancia focal que deberamos escoller?

- A) 35 mm
- B) 55 mm
- C) 105 mm

123.-O III Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da USC ten vixencia ata o ano:

- A) 2024
- B) 2025
- C) 2026

124.- Coa aparición da revista *Blanco y Negro*, fundada por Torcuato Luca de Tena, a fotografía queda plenamente integrada na prensa. En que ano foi?

- A) 1891
- B) 1975
- C) 1900

125.-Se se quere realizar unha gravación multicámara de maneira sincronizada para facilitar posteriormente o labor de edición ou montaxe optarase polo código de tempos:

- A) *Rec-Run*
- B) *Free-Run*
- C) *Runtastic*